



**BASES PARA O
XXXII CERTAME LITERARIO
DO EXCMO. CONCELLO
DE VILALBA**



Vilalba, 2006

O Concello de Vilalba, co afán de estimular a creación poética convoca o XXXII Certame Literario.

PRIMEIRA.-

Este concurso consta de dous premios: **Primeiro premio:** 3000 euros, flor natural e diploma.

Segundo premio: 1000 euros, flor natural e diploma.

SEGUNDA.-

Poderán concorrer ó certame tódos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

TERCEIRA.-

Os poemas serán orixinais e inéditos, escritos en galego, non premiados noutros concursos en datas anteriores ó fallo do Xurado. O incumprimento dalgunha destas condicións nas obras premiadas significaría a anulación das adxudicacións, procedendo o Xurado a formular de novo as propostas de adxudicación ou declarando deserto o premio.

CUARTA.-

Tanto o tema como a extensión e o metro dos traballos serán libres.

QUINTA.-

Deberán presentar 5 orixinais por cada obra en tamaño DIN A4 mecanografados a dobre espacio.

SEXTA.-

Todos os traballos han de presentarse acompañados dun sobre pechado ou plica facendo constar o lema que distinga o traballo. No interior

figurarán os datos persoais, enderezo e teléfono do autor ou autora, así como unha biografía del mesmo, e unha declaración formal de que a obra é inédita.

SÉTIMA.-

Todos os traballos que concorran ó Certame Literario serán dirixidos ó Concello de Vilalba, Praza da Constitución, n.º 1 - 27800 Vilalba (Lugo), facendo constar no exterior do sobre "**Para o Certame Literario**".

O prazo de admisión de orixinais remata o día 20/07/2006, considerándose incluídas neste prazo as obras que enviadas por correo ostenten o selo de orixe con esta ou unha data anterior.

OITAVA.-

O dictame do Xurado darase a coñecer o día 23/08/2006, a través dos distintos medios de comunicación. A entrega de premios efectuarase nun magno acto que terá lugar en Vilalba o día 30 de agosto, coincidindo co comezo das festas de San Ramón e Santa María 2006 e, de ser posible asistirán os autores/as premiados/as ou unha persoa que os represente.

O Xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario. A súa composición será dada a coñecer xunto coa emisión do resultado.

No caso de que as obras presentadas non acadasen o nivel esixible a xuízo do xurado para a obtención dos premios ou non tivesen a categoría suficiente, poderán declararse desertos.

NOVENA.-

As obras non premiadas serán destruídas xunto coas súas plicas, non admitíndose peticións de devolución.

DÉCIMA.-

O fallo do xurado é inapelable, os concursantes aceptan integramente estas bases así como cantas decisións adopte o Concello de Vilalba para que estas poidan ser interpretadas e aplicadas.